

Claudia Goldin



Claudia Goldin (USA, 1946). Doutora en Economía pola Universidade de Chicago dende 1972. Ocupa a Cátedra *Henry Lee* de Economía na Universidade de Harvard.

Goldin está especializada en historia económica e economía laboral. En 1990, foi a primeira muller en conseguir unha posición permanente no Departamento de Economía de Harvard. Recibiu o Premio IZA en Economía Laboral e o Premio Mincer Prize polas súas contribucións á economía laboral ao longo da súa carreira académica.

Investigou cumpridamente sobre a escravitude, a corrupción, o impacto económico da guerra, a inmigración, a desigualdade de renda, o efecto do cambio tecnolóxico, a educación e as brechas de xénero. Foi pioneira na investigación do papel histórico da muller na economía. O seu traballo contribuíu a posicionar a economía de xénero como unha das liñas de investigación económica máis activas.

*“Women’s increased involvement in the economy was the most significant change in labor markets during the past century” **

*“Only the oblivious can ignore history in modern economics, and only the unenlightened would choose to do so” ***

* “The quiet revolution that transformed women's employment, education, and family” *American Economic Review*, 96(2), pp: 1-21 (2006).

** “Cliometrics and the Nobel” *Journal of Economic Perspectives*, 9(2), pp: 191-208 (1995).